

NORMAS E REQUISITOS DO PROXECTO DE IDMN

Antes de comezar o traballo, lede con calma as instrucións para a súa elaboración, para cumprir os requisitos que se establecen para a súa elaboración, e seguíde o apartado A do punto 3 da programación do módulo PROXECTO.

O traballo fin de ciclo (TFC) consistirá na elaboración dunha presentación onde se reflicta a experiencia formativa na área sanitaria de destino e a súa exposición/explicativa oral, segundo os contidos asinados.

O traballo **realizarase** en **GENIALLY** (<https://genial.ly/es>)

A **entrega do traballo** farase entregando a URL na actividade aberta na aula virtual para a súa avaliación. A **URL deberá estar nomeada** indicando o nome da persoa autora seguida de "Proxecto FCT" (por **exemplo**: *Xosé Pérez - Proxecto FCT*)

O traballo constará dos seguintes **apartados** (información completa na programación):

- Unha portada, na que se indicará o título do traballo, o curso e o nome e apelidos da persoa autora do traballo.
- Un índice estruturado en epígrafes interactivos que se relacionarán cos principais puntos a tratar
- Un corpo onde se exporán os contidos, empregando texto, imaxes e recursos multimedia. Nestes contidos deberá incluírse os contidos do apartado A do punto 3 da programación e que de xeito resumido serán: estudo das **estruturas básicas do Servizo Galego de Saúde** facendo fincapé na área sanitaria onde se fixeron as prácticas. Tamén se detallarán as **normas de seguridade radiolóxica e biolóxica** aplicadas polo alumno segundo os protocolos establecidos no centro durante as prácticas e sempre cotexadas coa normativa nacional sobre protección dos traballadores (**NON emitir xuízos de valor**). Seccións visitadas na estadía, os **equipamentos manexados** (características dos equipos, mantemento e coidados do material diario), **traballos realizados** (técnicas empregadas, contrastes, tempos, manexo paciente, etc). E por último desenvolver un **caso clínico** (correlación clínica, achados radiolóxicos, diagnóstico) que vos chamase a atención (lembra que é a vosa obrigación gardar a confidencialidade).
- A bibliografía e webgrafía utilizada, onde se reflectiran as fontes consultadas, incluíndo as fontes de imaxes empregadas sexan ou non propias.
- Tamén se poderá incluír no traballo algún vídeo propio cunha duración máxima de 30 segundos. Sendo isto unha suxestión e non un requisito.
- O traballo terá unha extensión mínima de 20 diapositivas e máxima de 30, non incluída a portada, o índice e a bibliografía.
- Deberá ser un traballo orixinal, atractivo, baseado en fontes fidedignas e coa información suficiente (pero non excesiva). No caso de observarse repeticións ou copias entre compañeiros suporá a penalización do traballo valorándose á baixa.
- O tempo de exposición será dun máximo de 20 minutos ao que se lle poderán sumar ata un máximo de 10 minutos para resolver as dúbidas ou cuestións formuladas polo

profesorado. A superación do tempo máximo de exposición poderá corresponderse con penalizacións.

- Deberase incluír o Creative Commons coas opcións de compartir que se consideren.

• **A data límite da entrega do traballo final será o 12 de XUÑO do 2026 as 23:55.**

- **Respecto da exposición do traballo fin de ciclo (TFC), cada alumn@ deberá presentar/explicar o seu proxecto na aula, oralmente, apoiándose na presentación/traballo que previamente elaborou e entregou.** Na exposición dos traballos está terminantemente prohibido ler a presentación. As persoas deben explicar os contidos empregando a presentación como un apoio e non para facer una lectura literal. O alumnado que se limite a ler a presentación ou as notas que leve será penalizado.
- **Asemade, pode procederse á gravación da proba como medio de acreditación da identidade do estudante, do contido do exercicio realizado en sí, e para garantir o dereito á revisión ou reclamación.**

• **As lecturas realizaranse a semana do 15 de xuño 2026.**

- Calquera cambio que se poida producir nestas datas por necesidades alleas á programación do curso comunicarase por correo electrónico a cada un dos alumnos e/ou a través da aula virtual do centro.

A non observación de estas normas así como a presentación fora de prazo ou a entrega do traballo con partes incompletas será penalizado, de tal xeito que o traballo estará SUSPENSO.